

ANEXO III Ref. convocatoria: 2025/CP/013
CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: ED431G-2023/09			
Título: <i>Axudas para a acreditación, estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027 (obxectivo específico 1.1: Desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e asimilar tecnoloxías avanzadas) da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Xunta de Galicia)</i>			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: <i>Baterías para sistemas para la transición enerxética</i>			
PERÍODO AXUDA:	INICIO: 01/05/2024	FIN: 30/11/2027	
CENTRO Inv. Principal: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía			
OBJECTO DO CONTRATO: <i>colaborador/a nas tarefas do proxecto de investigación que se indica. Investigador/a en formación para facer unha tese de doutoramento</i>			
LUGAR E HORARIO: CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía <i>Luns a venres de 09:30 a 14:00 h e de 15:00 a 17:30 h (35 h)</i>			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL (ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC) ¹			
Investigador/a asociado/a <input type="checkbox"/>		Investigador/a en formación <input checked="" type="checkbox"/> (Require matrícula programa doutoramento SUG)	
Técnico/a de apoio á investigación <input type="checkbox"/>		Axudante de apoio á investigación <input type="checkbox"/>	
Técnico/a administrativo/a <input type="checkbox"/>		Axudante administrativo/a <input type="checkbox"/>	
XORNADA:	Tempo Completo: <input checked="" type="checkbox"/>	Tempo Parcial: <input type="checkbox"/>	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/03/2025
TIPO DE CONTRATO:	Indefinido <input type="checkbox"/>	Duración determinada: <input checked="" type="checkbox"/>	DATA FIN CONTRATO: 31/10/2027
RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 1.516,67 € brutos/mes (O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades, inclúese en cada mensalidade a parte proporcional de paga extraordinaria correspondente)			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599 541A 6490206 (proxecto MUS 01022)			

REQUISITOS

TITULACIÓN: <i>aquelas titulacións que dan acceso aos programas de doutoramento. Estar matriculado/a no Sistema Universitario de Galicia (SUG) nun programa de doutoramento</i>
REQUISITOS: <i>os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes</i>

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: <i>Sede electrónica da UDC (https://sede.udc.gal/), a través do Rexistro electrónico. Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria</i>
PRAZO: <i>5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.</i>

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes):	
Titulares: Presidente: <i>Jaime Rodríguez González (director CICA/CAT-UN)</i> Vocal: <i>Israel Temprano Fariña (invest. CICA pyc_pdi)</i> Secretaria: <i>M^a Isabel González Siso (subdirectora CICA/CAT-UN)</i>	Suplentes: Presidente: <i>Carlos Platas Iglesias (invest. CICA/CAT-UN)</i> Vocal: <i>Elena Pazos Chantrero (invest. CICA/PC-DR)</i> Secretario: <i>Daniel Torrecilla Cillero (técnico CICA pyc_pro)</i>
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: <i>Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.</i>	

¹ Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

- Fotocopia do documento de identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
- Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

Código Seguro De Verificación	nAckvXfc4x7mRebYgQ3WfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigaciones Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	23/01/2025 20:02:07
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nAckvXfc4x7mRebYgQ3WfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPDP (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprarán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña, 23 de xaneiro de 2025

O INVESTIGADOR PRINCIPAL

Asdo.: Jaime Rodríguez González

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

Código Seguro De Verificación	nAkvXfc4x7mRebYgQ3WfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	23/01/2025 20:02:07
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nAkvXfc4x7mRebYgQ3WfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O “CICA - Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía” da UDC foi acreditado no ano 2024 como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG), uníndose como centro de investigación de excelencia á Rede CIGUS da Xunta de Galicia.

O CICA conta na actualidade con 30 grupos de investigación adscritos e diríxese a tres áreas temáticas estratéxicas: Biomedicina (BMed); Alimentación, Contaminación e Saúde (ACeS); e Nanociencia e Materiais Avanzados (NeMA).

A acreditación e pertenza do centro á Rede CIGUS de Galicia requirirá de tarefas de apoio e seguimento concretas, así como de posicionamento futuro, no que o CICA buscará a continuidade da súa excelencia científica e a singularidade dentro do espazo de investigación galego.

A crecente competitividade e a constante evolución no ámbito da investigación requiren un compromiso firme co desenvolvemento e a captación de talento novo. Neste contexto, o CICA identificou a necesidade de reforzar e diversificar as súas capacidades investigadoras a través da creación de novos grupos de investigación en tres áreas estratéxicas. Estes grupos non só aportarán un novo enfoque aos nosos proxectos existentes, senón que tamén abrirán novas liñas de investigación cruciais para o avance do coñecemento na nosa institución.

A convocatoria de tres contratos predoutorais -un por cada área estratéxica do CICA- representa unha valiosa oportunidade para atraer a novo talento con habilidades e coñecementos innovadores. Ao ofrecer a posibilidade de traballar baixo a supervisión de novo persoal investigador de atracción de talento (Ramón y Cajal, Beatriz Galindo) que recentemente fixeron a súa adscrición ao CICA, estes contratos permitirán aos novos/as investigadores/as predoutorais non só desenvolver os seus proxectos de investigación, senón tamén adquirir as competencias necesarias para converterse en doutores/as de calidade nos seus respectivos campos.

Ademais, a implementación desta convocatoria forma parte dunha estratexia máis ampla do CICA para fomentar a excelencia e a competitividade na investigación. A través desta iniciativa, buscamos non só reforzar a capacidade investigadora do centro, senón tamén contribuír á formación da próxima xeración de científicos/as e académicos/as.

En resumo, a creación desta convocatoria de contratos predoutorais é un paso fundamental cara á consolidación das nosas áreas de investigación e o desenvolvemento dun entorno que promova a innovación, a colaboración e o intercambio de ideas. Confiamos en que estes esforzos atraerán aos mellores talentos e potenciarán a calidade da investigación realizada no centro, asegurando a súa relevancia e sustentabilidade a longo prazo.

Esta contratación está financiada a través das “Axudas para a acreditación, estrutura, mellora e apoio aos centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2021-2027”.

a) Tarefas:

A persoa seleccionada incorporase ao grupo LISTE (Laboratorio de Investigación de Sistemas para a Transición Enerxética) do CICA liderado polo Dr. Israel Temprano co obxectivo de realizar unha tesis de doutoramento no marco do Programa Oficial de Doutoramento en Química Ambiental e Fundamental.

O obxectivo deste contrato é o de realizar unha tese de doutoramento centrada no desenvolvemento de baterías avanzadas de baixo impacto ambiental e abordables. Neste proxecto, o/a estudante realizará estudos experimentais e teóricos para a avaliación da sinerxía entre cátodos libres de cobalto e o grafito no ánodo das baterías de litio. Para iso, a persoa candidata utilizará equipos para a produción e probas de baterías de botón, así como celdas específicas para a análise de parámetros fundamentais para o funcionamento dos materiais activos durante o seu funcionamento (in operando). A persoa candidata coordinará a caracterización de materiais (XRF, XRD, LLS, SEM, EDX) a través dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da UDC.

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

Código Seguro De Verificación	nAckvXfc4x7mRebYgQ3WfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	23/01/2025 20:02:07
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nAckvXfc4x7mRebYgQ3WfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



b) Criterios e valoración de méritos (valoración sobre 100 puntos): ²

O *currículum vitae* debe presentarse seguindo os mesmos epígrafes que figuran na seguinte táboa:

CONCEPTO		PUNTUACIÓN	MÁXIMO
1. Titulación académica	1.1. Grao ou licenciatura en Física ou Química	5 puntos	5 puntos
	2.1. Expediente de grao	Conversión da nota do expediente en puntos (<i>no caso de candidaturas internacionais farase a equivalencia correspondente</i>)	10 puntos
2. Formación	2.2. Expediente de máster	Conversión da nota do expediente en puntos/2 (<i>no caso de candidaturas internacionais farase a equivalencia correspondente</i>)	10 puntos
	3.1. Experiencia en desenvolvemento de novos materiais	1 punto/mes	10 puntos
3. Experiencia	3.2. Experiencia en traballo con baterías	1 punto/mes	10 puntos
	3.3. Experiencia en métodos electroquímicos experimentais ou computacionais	1 punto/mes	15 puntos
	3.4. Experiencia en análise de datos (python o similar)	1 punto/mes	10 puntos
	1. Idiomas	3.5. Nivel de inglés acreditado	B2 = 2 puntos C1 = 3,5 puntos C2 = 5 puntos
2. Entrevista persoal	3.6. Realización de entrevista no caso de haber unha diferenza inferior a 15 puntos respecto á candidatura de maior puntuación		25 puntos

Lista de agarda: na resolución desta convocatoria establecerase unha lista de agarda coas candidaturas que alcancen unha puntuación mínima de 35 puntos.

² NOTAS:

- *Presentar o curriculum vitae ordenado do mesmo xeito e con idénticas seccións que a táboa de criterios do apartado b. Os CV presentados noutro formato distinto ao indicado poderán non ser valorados.*
- *Indicar as tarefas realizadas en cada un dos postos de traballo, así como a súa duración.*
- *Na formación indicar necesariamente o nº de horas (en caso de non indicarse non se valorará).*
- *En ningún caso se valorará o mesmo mérito en dous apartados diferentes.*
- *Ademais de presentar a documentación que se indica no pé deste documento, é preciso achegar os xustificantes de todos os méritos alegados no CV nun único documento pdf (os méritos non xustificadas documentalmente poderán non ser valorados).*

Documentación que debe presentar o/a solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

Código Seguro De Verificación	nAckvXfc4x7mRebYgQ3WfQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Director/a - Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) - Jaime Rodríguez González	Asinado	23/01/2025 20:02:07
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/nAckvXfc4x7mRebYgQ3WfQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

